



Ivonne Pernas González

“Comedia Bífida” no teatro Pastor Díaz de Viveiro.

Comedia Bífida móstranos un xuízo imaginario en tono humorístico, sobre o uso do galego e o castelán. En definitiva trata da situación de conflito lingüístico que se vive en Galicia. Para isto reúne os seguintes personaxes:

-Primeiro aparece unha Muller que ten un fillo. Os seus antepasados falaban galego e os seus pais falábanlle galego e castelán. Esta Muller ao seu fillo fálalle castelán ponendo a excusa de que os nenos non entendían o galego e que non lles gustaba falalo. Pensaba que o castelán era a lingua máis culta para a sociedade. Era diglósica.

-Tamén aparecía un señor do rural que falaba o galego en todos os ámbitos: na casa, nas tendas, nos hospitais... Pero parécelle pouco útil.

-Logo presentáronse dúas rapazas moi “pijas” que dicían que o galego era unha lingua de parvos e que o castelán era máis culto e estaba mellor visto.

-Por último, xulgaron a un home que estaba casado e tiña unha filla, pero gustáballe flirtear con outras mulleres, e para ligar con elas faláballes castelán para facerse máis interesante. Pola contra, á sua Muller faláballe galego e á súa filla castelán.

Por tanto, a mensaxe de “Comedia Bífida” é que é tan importante o galego como o castelán ou como outra lingua, e que se a túa lingua é o galego, o teu deber é falalo en todos os ámbitos, e que os nenos deben falar o galego. Se non se cumpre isto, o galego pode desaparecer, iso está nas nosas mans.